

Federación AUTISMO GALICIA

# *Estatutos*

## PRÓLOGO

### MISIÓN

A misión da **Federación AUTISMO GALICIA** é *mellorar a Calidade de Vida das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e a das súas Familias*.

Os/as destinatarios/as dos Servizos da Federación AUTISMO GALICIA son as Entidades Galegas que desenvolven o seu labor coas Persoas con Trastornos do Espectro Autista e coas súas Familias, e que son membros da Federación.

### VISIÓN

A Federación AUTISMO GALICIA é o referente en Galicia das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e a das súas Familias. É un referente técnico que contribúe ao deseño de políticas de inclusión social, e é un referente informativo que contribúe a visualizar a realidade das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e a das súas Familias.

A Federación AUTISMO GALICIA promove o consenso nos obxectivos e liñas de actuación entre as entidades que traballan no ámbito do Autismo en Galicia, ás que presta servizos complementarios cun estilo que fomenta a participación, a transparencia, a solidariedade e o exercicio democrático.

### PRINCIPIOS E VALORES

A Federación basea a súa actuación nos *Principios* de transparencia informativa, de participación, de solidariedade, de igualdade e de democracia interna.

Os *Valores* que a Federación AUTISMO GALICIA defende son:

- Consideración da Persoa con Trastornos do Espectro Autista como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ao resto das persoas.
- Calidade total nas Entidades e servizos.
- Importancia da Familia en todos os programas orientados á intervención coas Persoas con Trastornos do Espectro Autista.
- Necesidade de colaboración entre profesionais e Familias para un funcionamento eficiente e de calidade das Entidades.

## ESTATUTOS DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

### CAPÍTULO I

#### DA FEDERACIÓN EN XERAL

**ARTIGO 1º.-** Constitúese, na cidade de Santiago de Compostela, unha Federación sen ánimo de lucro que se denomina *Federación AUTISMO GALICIA* e que engloba ás Asociacións de Pais/Nais, de Titores/as e de Profesionais Protectoras de Persoas con Trastornos do Espectro Autista, con domicilio social en Galicia, e que se rexerá pola vixente lei reguladora do Dereito de Asociación e polos presentes Estatutos.

**ARTIGO 2º.-** A Federación perseguirá os seguintes *Fins*:

- a) Servir de nexo de unión entre as distintas Socias numerarias e outro tipo de asociadas.
- b) Defender a dignidade e os dereitos civís, políticos, económicos, culturais, sociais, laborais, etc. das Persoas con Trastornos do Espectro Autista, en igualdade de oportunidades.
- c) Promover a integración social, laboral e a normalización das Persoas con Trastornos do Espectro Autista, fomentando actitudes sociais positivas cara ao colectivo en Galicia.
- d) Desenvolver todo tipo de accións encamiñadas a *mellorar a Calidade de Vida das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e a das súas Familias*.
- e) Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da Federación.
- f) Promover a Formación e a Investigación sobre os Trastornos do Espectro Autista.

## Estatutos

**ARTIGO 3º.-** A Federación, para o cumprimento dos seus Fins, realizará as seguintes *Actividades*:

- a) Coordinar e realizar cantas accións e iniciativas sexan precisas para a obtención de recursos a nivel local, comarcal, de Galicia, do Estado Español, da Unión Europea e doutros organismos públicos e privados, así como de Federacións Estatais ou Internacionais que redunden en beneficio das Socias numerarias e outro tipo de asociadas e no cumprimento dos Fins da Federacións.
- b) Ser Portavoz das Socias numerarias e outro tipo de asociadas.
- c) Crear as condicións para que as Socias numerarias e outro tipo de entidades poidan desenvolver servizos e programas que *melloren a Calidade de Vida das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e a das súas Familias*.
- d) Todas aquelas que contribúan á consecución dos Fins da Federación, tales como:
  - Promover e realizar iniciativas relacionadas coa investigación dos Trastornos do Espectro Autista.
  - Promover e realizar actividades de carácter pedagóxico e de formación, como cursos, xornadas, seminarios, congresos, etc. relacionados cos Fins da Federación.
  - Realizar labores de asesoramento ás Persoas con Trastornos do Espectro Autista, ás Familias, aos/ás Profesionais, ás Socias numerarias e outro tipo de asociadas e/ou a calquera outro/a interesado/a.
  - Promover e realizar accións relacionadas con actividades lúdicas, de ocio, de tempo libre e de respiro para as Persoas con Trastornos do Espectro Autista, para as súas Familias e para toda persoa e/ou Socias numerarias e outro tipo de asociadas da Federación.
  - Promover e realizar actividades de difusión, de sensibilización e de información relacionadas cos Fins da Federación.
  - Promover e realizar calquera outro tipo de acción ou actividade de cara á consecución dos Fins da Federación AUTISMO GALICIA.

**ARTIGO 4º.-** O domicilio social da Federación estará na cidade de Santiago de Compostela, na rúa Home Santo de Bonaval, nº 74. A Xunta Directiva poderá acordar o cambio de domicilio, que será comunicado ao organismo competente. O seu ámbito de actuación será Galicia.

## Estatutos

**ARTIGO 5º.-** A Federación desenvolverá as súas actividades preferentemente en Galicia, sen prexuízo de amplialo libremente en consideración ás necesidades a cubrir e ás relacións de intercambio ou colaboración, nacional ou supranacional, que manteña con outras Entidades, que cumpran os mesmos ou similares Fins. Terá duración indefinida e só se disolverá por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas nas leis.

**ARTIGO 6º.-** A Xunta Directiva será o órgano competente para interpretar os preceptos contidos nestes Estatutos e cubrir as súas lagoas, sempre someténdose á normativa legal vixente. A Xunta Directiva desenvolverá o Regulamento de Réxime Interno da Federación.

Os presentes Estatutos serán cumpridos mediante os acordos válidos que adopte a Xunta Directiva e/ou a Asemblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.

## CAPÍTULO II

### ÓRGANOS DIRECTIVOS E FORMA DE ADMINISTRACIÓN DA FEDERACIÓN

**ARTIGO 7º.-** O Goberno e a Administración da Federación correrán a cargo dunha Xunta Directiva e da Asemblea Xeral. A Asemblea Xeral elixirá ás Socias numerarias da Xunta Directiva. No non previsto na lexislación e nestes estatutos, a Xunta Directiva rexerese polo estipulado no Regulamento de Réxime Interno da Federación.

**ARTIGO 8º.-** A Xunta Directiva estará formada por un mínimo de tres (3) e un máximo de cinco (5) Socias numerarias, as cales elixirán entre elas un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e un/unha tesoureiro/a, cargos todos eles que deberán recaer en representantes das Socias numerarias; e poderán elixir un vicepresidente/a. A representación da Socia numeraria será exercida polo/a seu/súa Presidente/a ou a persoa en que este/a delegue, segundo os estatutos da Entidade e/ou a lexislación vixente.

Ademais, con voz, pero sen voto na Xunta Directiva, poderá haber un Consello Asesor formado por dous membros designados por e de entre os/as Socios/as

## Estatutos

Colaboradores/as ou os/as Socios/as de Honra. Para a designación destes representantes seguiranse as mesmas normas previstas para a elección de membros da Xunta Directiva. Os dous membros do Consello Asesor deberán necesariamente ser convocados a todas as Xuntas Directivas, pero a súa asistencia non computará a efectos de *quorum* de constitución nin tampouco dos *quorum* de votación, tendo só voz, que deberá ser sempre escoitada, pero non será vinculante para as decisións da Xunta Directiva.

A existencia ou non deste Consello Asesor, coa composición e funcións indicadas nos presentes estatutos, será decidida libremente por acordo de cada Asemblea Xeral.

**ARTIGO 9º.-** Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos e os membros da Xunta serán elixidos e revocados en Asemblea Xeral e durarán un período de catro anos, aínda que poden ser obxecto de reelección.

Os membros da Xunta Directiva non poderán exercer os mesmos cargos para os que foron elixidos, por un período superior a oito anos consecutivos.

**ARTIGO 10º.-** As competencias da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios dos fins da Federación, sempre que non requiran autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son competencias da Xunta Directiva:

- a. Representar á Federación en todos os ámbitos.
- b. Executar a política da Federación e os acordos adoptados pola súa Asemblea Xeral.
- c. Administrar o patrimonio da Federación.
- d. Programar e coordinar as actividades da Federación.
- e. Admitir ou rexeitar provisionalmente as solicitudes de ingreso na Federación, elevando a súa proposta á Asemblea Xeral.
- f. Acordar a suspensión temporal dos dereitos dunha Socia numeraria ou outro tipo de asociada que incorra nalgunha das causas recollidas no artigo 26º destes Estatutos, e propoñer a súa baixa á Asemblea Xeral para a súa ratificación.
- g. Establecer a orde do día da Asemblea Xeral.

## Estatutos

- h. Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva. En caso de renuncia dalgunha Socia numeraria, será facultade da Xunta Directiva designar provisoriamente novos membros, entre as Socias numerarias que non estean representadas na Xunta Directiva, ata que se celebren novas eleccións.
- i. A adopción de acordos que impliquen a adquisición, transmisión ou gravame do patrimonio, mobiliario ou inmobiliario, da Federación.
- j. Levar a xestión económica e administrativa da Federación.
- k. Cobrar as cotas que deban satisfacer as, Socias numerarias e outro tipo de asociadas así como aceptar, recibir e xestionar as subvencións, concertos, convenios, herdanzas, legados ou doazóns ou calquera das sumas ou bens, de procedencia pública ou privada, a favor da Federación.
- l. Autorizar a contratación ou separación do persoal necesario para o desenvolvemento das actividades da Federación.
- m. Facultar, por medio de poderes, ás persoas que estime conveniente.
- n. Preparar cantos documentos teñan que ser aprobados pola Asemblea Xeral.
- o. Resolver en arbitraje ou por mediación cuestións e conflitos internos ou entre as. Socias numerarias e outro tipo de asociadas Esta actuación poderá ser efectuada por si ou por delegación, designando unha comisión para iso que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
- p. A interpretación dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno da Federación, así como calquera outra que non se atope expresamente atribuída legal ou estatutariamente a outro órgano da Federación.

As competencias do Consello Asesor serán as mesmas da Xunta Directiva, pero única e exclusivamente con carácter informativo, debendo ser consultada e oída en todos os asuntos que aborde a Xunta Directiva e convocada a todas as súas xuntanzas, pero sen resultar vencellantes as súas opinións ou ditames, nin ter posibilidade de voto na mesma.

**ARTIGO 11º.-** A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine o/a seu/súa presidente/a, a iniciativa propia ou a petición dunha terceira parte dos seus membros. Será presidida polo/a presidente/a e na súa ausencia, polo/a

## Estatutos

vicepresidente/a ou o/a secretario/a, por esta orde e, a falta de ambos/as, polo membro da Xunta que teña máis idade. O/A secretario/a levantará acta, que se transcribirá ao libro correspondente.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados por maioría simple dos presentes, excluídos do cómputo os membros do Consello Asesor sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros. En caso de empate no resultado dunha votación, decidirá o voto cualificado do/a Presidente/a.

Os membros da Xunta Directiva non poderán delegar o seu voto.

De cara a facilitar a operatividade da Xunta Directiva da Federación, cando por imposibilidade xustificada, algún dos seus membros non poida asistir ás sesións da mesma, poderá ser substituído, temporalmente, por outro membro da súa Entidade, debidamente autorizado por escrito. Este representante terá voz e voto. A imposibilidade de asistencia dos membros do Consello Asesor non impedirá a celebración da Xunta Directiva, podendo neste caso ou ben remitir as súas opinións e ditames por escrito, ou ben delegar a súa voz en calquera dos membros da Xunta Directiva.

**ARTIGO 12º.-** A Xunta Directiva poderá delegar en calquera dos seus membros a execución de determinados acordos ou a realización de certas xestións que sexan de interese para a Federación. Tamén poderá delegar en calquera membro do Consello Asesor, en calquera Socia numeraria ou noutro tipo de asociadas, especificando e delimitando o contido concreto da delegación o contido concreto da delegación. De calquera de ambas cousas dará conta en todas as sesións de Xunta Directiva que se celebren.

**ARTIGO 13º.-** O/A Presidente/a da Xunta Directiva serao tamén da Federación e terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á Federación.
- b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- c) Propoñer o Plan de Acción da Federación á Xunta Directiva e dirixir as súas tarefas.



## Estatutos

- d) Ordenar os pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- e) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Federación aconselle ou que no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

O/A Presidente/a poderá estar asistido/a dun/dunha Vicepresidente/a, que o/a substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, e que terá as mesmas atribucións que o/a Presidente/a.

**ARTIGO 14º.-** O/A Secretario/a terá as seguintes atribucións:

- a) Dirixir os traballos administrativos da Federación.
- b) Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso.
- c) Levar os libros da Federación e o ficheiro de rexistro de asociados/as.
- d) Redactar as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, que asinará o/a Presidente/a.
- e) Expedir certificacións e testemuños de particulares das actas aludidas, co visto e prace do/a Presidente/a.
- f) Custodiar a documentación da Federación, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles aos Rexistros correspondentes e o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente corresponda.

**ARTIGO 15º.-** O/A Tesoureiro/a terá as seguintes atribucións:

- a) Dirixir a contabilidade da Federación.
- b) Tomar razón dos ingresos e dos gastos.
- c) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á Federación.
- d) Dar cumprimento ás ordes de pago que expida o/a Presidente/a.

## Estatutos

- e) Autorizar coa súa sinatura, xunto coa do/a Presidente/a, controlando e supervisando os pagos que deban facerse no nome da Federación.

O/A Tesoureiro/a formalizará todos os anos o orzamento de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior, que deben ser presentados á Xunta Directiva, para que esta, á súa vez, os someta á aprobación da Asemblea Xeral.

**ARTIGO 16º.-** Sen prexuízo do establecido nos artigos anteriores, cada un dos membros da Xunta Directiva terá as obrigas propias do seu cargo, así como as que nazan das delegacións ou comisións que a propia Xunta Directiva lles encomende.

Os membros da Xunta Directiva estarán asistidos en todo momento para o desempeño das súas funcións polos membros do Consello Asesor, polas outras socias numerarias ou por calqueroutro tipo de asociadas que non sexan Socias numerarias, pola Xerencia e polo demais persoal administrativo da Federación.

**ARTIGO 17º.-** A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno da Federación e estará integrada por todas e cada unha das, Socias numerarias, que estarán representadas polo/a seu/súa Presidente/a ou a persoa en quen este delegue, segundo os estatutos da Entidade e/ou a lexislación vixente e á cal deberán ser igualmente convocadas, os/as Socias Colaboradoras e os/as Socias de Honra, que terán dereito a asistir coa calidade de convidadas, con voz e sen voto, agás no referente á elección dos membros da Xunta Directiva e, se os houbese, á elección dos membros do Consello Asesor, puntos nos cales terán tamén voto os/as Socios/as Colaboradores/as e os/as Socios/as de honra.

A Asemblea Xeral, que poderá ser ordinaria ou extraordinaria, rexerese mediante procedemento que se desenvolverá no Regulamento de Réxime Interno da Federación.

A Asemblea Xeral reunirse, de forma ordinaria, dúas veces ao ano, a primeira, dentro dos seis primeiros meses naturais, para aprobar a Memoria de Actividade e a Económica do ano anterior, e a segunda, no mes de decembro, para aprobar o Orzamento e o Plan de Acción do ano seguinte; e de xeito extraordinario sempre que así o acorde o/a Presidente/a, a Xunta Directiva ou o soliciten, polo menos, o vintecinco por cento das Entidades membro da Federación, en tal cal caso deberá convocarse no prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da solicitude.

As Asembleas Xerais serán convocadas polo/a Presidente/a. As convocatorias das Asembleas Xerais, sexan ordinarias ou extraordinarias, serán feitas por escrito, expresando o lugar, data e hora de reunión, así como a orde do día, acordada pola

## Estatutos

Xunta Directiva, na que, no seu caso, deberán incluírse todos os asuntos propostos polo dez por cento das Entidades membro que o solicitaran á Asemblea. A Asemblea Xeral, una vez constituída, poderá decidir mediante acordo maioritario, antes de iniciarse o exame do resto dos asuntos, a inclusión de novos puntos na orde do día.

As convocatorias comunicaranse ás a todas as socias de todo tipo membro da Federación cunha antelación mínima de nove días naturais con respecto á data de celebración en primeira convocatoria segundo os prazos que establece a lexislación vixente.

### **ARTIGO 18º.-** Funcións das Asembleas Xerais:

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, no seu caso, a dirección e xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as Contas Anuais, Memoria de Actividades e Plan de Acción da Federación.
- c) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Federación.
- d) Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias.
- e) Aprobar a creación dun Comité Técnico, de Xerentes ou calquera outra Comisión de Traballo, que redunde nun mellor funcionamento da Federación, a través do seu asesoramento.
- f) Aprobar e modificar regulamentos que desenvolvan os preceptos recollidos nestes Estatutos e, en concreto, o que regula o réxime e procedemento disciplinario previsto no artigo 26º.
- g) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento e Cese dos membros da Xunta Directiva.
- b) A modificación dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno.

## Estatutos

- c) A disolución da Federación.
- d) Resolver sobre a admisión, expulsión e suspensión temporal das Socias numerarias ou outro tipo de asociadas.
- d) Constitución de Entidades ou integración nelas.
- e) Todas aquelas que aínda sendo de competencia da Asemblea Xeral Ordinaria non permitan, por razón de urxente necesidade, agardar á celebración da mesma.

Cando a Asemblea Xeral Extraordinaria inclúa no orde do día o punto a) anterior, e o nomeamento ou cese afecte a dous ou máis nomeamentos ou dous ou máis ceses de membros da Xunta Directiva, simultaneamente deberá:

- Decidir se debe haber ou continuar, ou non debe haber ou continuar, un Consello Asesor.
- Permitir que os/as Socios/as Colaboradores/as e Socios/as de Honra elixan aos seus representantes no Consello Asesor, comunicándollo así á propia Asemblea Xeral. A elección efectuarase de acordo co mesmo procedemento previsto para a elección de membros da Xunta Directiva, incluíndo o sistema de voto ponderado previsto no artigo seguinte destes estatutos. Para o caso de posibles dúbidas na interpretación no procedemento de elección, resolverá a propia Asemblea Xeral cos votos das Socias de número.

**ARTIGO 19º.-** As Asembleas Xerais, tanto ordinarias, coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas a metade máis unha das Socias numerarias, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de concorrentes.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta de votos.

Cada Socia numeraria votará nas Asembleas Xerais en función do número de Persoas con Trastornos do Espectro Autista ao seu cargo. En consecuencia establécese o seguinte:

- a).- Cada Socia numeraria ten dereito a un (1) voto e, ademais, un (1) voto adicional máis por cada 10 persoas asociadas que teñan praza con concerto coa administración ou coa asociación e teñan a diagnose de Trastorno do Espectro do Autismo.

**b).-** Cada Socio/a colaborador/a ten dereito a (1) voto e, ademais, un (1) voto adicional máis por cada 10 persoas asociadas que teñan praza con concerto coa administración ou coa asociación e teñan diagnose de Trastorno do Espectro do Autismo.

**c).-** Cada Socio/a de honra conta cun (1) voto.

Cada Socia numeraria, poderá representar como máximo a outra Socia numeraria, achegando certificación da mesma para ser debidamente representada.

Igual regra de representatividade se seguirá en relación cos/as Socios/as colaboradores/as e os/as Socios/as de honra, que poderán delegar a súa representación noutra entidade da súa mesma categoría.

**ARTIGO 20º.-** As Asembleas Xerais desenvolveranse na Sede Social da Federación, sen menoscabo de poder realizarse nos lugares onde estean radicadas cada unha das. Socias numerarias ou outro tipo de asociadas.

### CAPITULO III

#### **DOS MEMBROS DA FEDERACION: OS SEUS DEREITOS E DEBERES**

**ARTIGO 21º.-** A Federación ten carácter aberto, podendo integrarse na mesma como membros de pleno dereito, previa aprobación prevista nos presentes Estatutos, cantas asociacións o soliciten sempre que estean legalmente constituídas e inscritas no rexistro correspondente, carezan de ánimo de lucro, teñan como misión a defensa dos dereitos e a mellora da calidade de vida das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e a das súas Familias, exerzan as súas actividades no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e compartan a Misión, a Visión, os Valores, os Principios e os Fins de Federación.

Os órganos de goberno das Socias numerarias membro estarán integrados maioritariamente por Pais/Nais, Titores/as e Familiares de Persoas con Trastornos do Espectro Autista.

## Estatutos

As Socias numerarias terán que ser titulares de Centros, Servizos ou Programas de atención directa ás Persoas con Trastornos do Espectro Autista.

O número de membros da Federación será ilimitado.

**ARTIGO 22º.-** Na Federación existen os seguintes tipos de socios/as:

- a) Socias Numerarias: serán aquelas asociacións que reúnan todas as condicións descritas no artigo 21º dos presentes Estatutos e ademais, cumpran todos os requisitos previstos polo artigo 32 da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, para poder seren consideradas de utilidade pública, en particular que se atopen en funcionamento e dando cumprimento efectivo aos seus fins estatutarios, ininterrompidamente e concorrendo todos os precedentes requisitos, cando menos durante os dous anos inmediatamente anteriores á data da solicitude prevista no artigo 23.1.a destes estatutos.
- b) Socios/as Colaboradores/as: serán aquelas persoas físicas ou xurídicas que, colaborando habitualmente coa Federación na consecución dos seus fins, non reúnan todas as condicións descritas na letra anterior, e sexan designadas pola Federación. Deberán aceptar esta condición de socios/as colaboradores/as e designar unha persoa física que as represente na Federación.
- c) Socios/as de Honra: serán aquelas persoas físicas ou xurídicas que, polo seu prestixio ou por contribuír de modo relevante á dignificación ou aos fins da Federación, se fagan merecedores de tal distinción. Serán designados/as pola Federación e deberán aceptar a condición de socios/as de honra.

**ARTIGO 23º.-** Procedemento de admisión de socios/as:

1.- A admisión de asociacións como socias numerarias realizarase mediante o seguinte procedemento:

- a) Solicitude por escrito da asociación interesada dirixida á Xunta Directiva da Federación.
- b) Ser presentada por dúas asociacións, Socias numerarias da Federación.
- c) Presentación da documentación prevista neste artigo.

## Estatutos

A admisión de Socios/as Colaboradores/as e de Socios/as de Honra efectuarase por designación da Federación, debendo aceptar esa condición de Socio/a Colaborador/a ou de Socio/a de Honra.

2.- A proposta de admisión de todo tipo de socios/as, así como a proposta de clasificación como socia numeraria ou doutra clase correspóndelle á Xunta Directiva da Federación, realizarase mediante acordo, co voto favorable da metade máis un dos seus membros, e deberá ser ratificada pola Asemblea Xeral. No caso de acordo desfavorable da Xunta Directiva sobre a admisión dun/dunha socio/a, ou sobre a clase de socio/a na cal é admitida, será tamén a Asemblea Xeral a que resolva o procedente, previo exame do informe emitido pola Xunta Directiva e das alegacións do/a solicitante.

No caso de acordo desfavorable da Xunta Directiva sobre a admisión dun/dunha socio/a, será, tamén, a Asemblea Xeral a que resolva o procedente, previo exame do informe emitido pola Xunta Directiva e das alegacións do/a solicitante.

**3.- Documentación precisa para ser socio/a:**

- a)** Copia legalizada dos estatutos correspondentes.
- b)** Certificado de inscrición no rexistro correspondente ou de documento que acredite a súa constitución legal e a adquisición de personalidade xurídica.
- c)** Certificado do acordo de integración na Federación adoptado polo órgano competente.
- d)** Relación de compoñentes da Xunta Directiva ou Órgano Reitor.
- e)** Memoria da actuación levada a cabo desde a súa constitución, dos proxectos futuros, así como balance económico do último exercicio aprobado polos órganos correspondentes.
- f)** A Xunta Directiva da Federación poderá solicitar ampliación dos documentos mencionados.

### **ARTIGO 24º.-**

1.- Son deberes das Socias Numerarias da Federación, ademais dos previstos na lexislación vixente:

## Estatutos

- a) Cumprir canto se dispón nos presentes Estatutos, nos regulamentos, normativas e acordos legalmente aprobados polos órganos de goberno da Federación dentro das súas respectivas competencias.
- b) Actuar de maneira acorde coa Misión, coa Visión, cos Principios, cos Valores e cos Fins da Federación, e respectar a dignidade e os dereitos das Persoas con Trastornos do Espectro Autista.
- c) Colaborar diligentemente nas accións acordadas pola Federación.
- d) Asistir ás Asembleas Xerais.
- e) Satisfacer puntualmente as cotas na contía fixada na Asemblea Xeral.
- f) Acatar as prescricións contidas nestes Estatutos e os acordos válidos adoptados polas Asembleas Xerais e pola Xunta Directiva da Federación.
- g) Esixir aos membros, que ostenten cargos na Xunta Directiva da Federación, o fiel cumprimento das súas funcións.
- h) Comunicar á Federación calquera modificación dos seus datos referidos na Ficha de Socio/a.

2.- Os/as Socios colaboradores terán os mesmos deberes que as Socias numerarias, agás o do apartado d), de maneira que terán dereito, pero non a obriga, de asistir ás Asembleas Xerais.

3.- Os/As Socios/as de Honra terán os mesmos deberes que as Socias numerarias, agás os correspondentes aos apartados: c, d, e, g e h.

### ARTIGO 25º.-

1.- Son dereitos das Socias Numerarias da Federación, ademais dos previstos na lexislación vixente:

- a) Asistir e participar nas Asembleas Xerais con voz e voto nas condicións que se determinan nos presentes Estatutos.
- b) Formar parte dos órganos de participación, xestión e dirección que se establecen nestes Estatutos.
- c) Utilizar a imaxe da Federación nas condicións que se establezan en cada caso.



## Estatutos

- d) Participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados pola Federación, nas condicións que establezan os seus Órganos de Goberno.
- e) Utilizar os servizos de atención que a Federación teña dispostos en beneficio das Socias numerarias.

2.- Os/As Socios/as Colaboradores/as e os/As Socios/as de Honra terán os mesmos dereitos que as Socias Numerarias, agás no referente ao dereito de participación nos órganos de xestión e dirección previstos na letra b) anterior, órganos dos que non poderán formar parte.

Tampouco terán os dereitos previstos nas letras a) e d) do artigo 21 da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, agás no referente á elección de membros da Xunta Directiva, onde terá dereito a voto e a impugnar os acordos relacionados coa citada elección.

3. Os/As Socios/as Colaboradores e os/As Socios/as de Honra teñen, ademais, dereito a elixir aos membros do Consello Asesor, nos termos previstos nestes estatutos.

**ARTIGO 26º.-** As Socias numerarias e outro tipo de asociadas poderán renunciar en calquera momento á súa condición, solicitando a baixa mediante escrito dirixido á Xunta Directiva da Federación, ao que achegarán acordo adoptado polo Órgano de Goberno da mencionada Entidade en tal sentido.

Igualmente perderán a condición de membros da Federación as Entidades que incorran nas seguintes irregularidades:

- a) A inobservancia reiterada das Leis vixentes e dos Estatutos da Federación.
- b) Que fosen suspendidas pola autoridade xudicial por espazo superior a un ano.
- c) Non cumprir cos Fins da Federación.
- d) Non satisfacer a cota acordada á Federación durante dous prazos dos fixados.
- e) Ocasionar coa súa actuación descrédito ou prexuízos á Federación.

## Estatutos

A determinación da existencia das causas anteriores será da libre apreciación da Xunta Directiva da Federación, que, no seu caso, propondrá a baixa da Entidade membro mediante acordo razoado, que deberá ser ratificada pola Asemblea Xeral.

En todos os casos, as Entidades deberán dar resposta de todas as obrigas pendentes para coa Federación ata a data da súa baixa efectiva, incluídas as económicas, e responderán do incumprimento desta obriga, mesmo diante de terceiros, así como dos posibles danos ou perdas que se poidan causar á Federación en razón dese incumprimento.

**ARTIGO 27º.-** As Socias numerarias e outro tipo de asociadas poderán recibir as sancións ás que se fagan acreedoras por incumprimento das súas obrigacións. Non obstante, ningunha Entidade membro poderá ser sancionada ou separada da Federación sen antes ser oída.

O réxime e procedemento disciplinario da Federación desenvolverase no Regulamento de Réxime Interno.

## CAPÍTULO IV

### DO RÉXIME ECONÓMICO DA FEDERACIÓN

**ARTIGO 28º.-** O patrimonio fundacional da Federación foi inexistente. O patrimonio será o determinado en cada momento polos inventarios e estados contables da Federación. No momento da presentación da reforma dos Estatutos, a Federación conta con Sede propia na dirección que consta no artigo 3º. O orzamento anual estará en consonancia co nivel de funcionamento que se derive do Plan de Acción da Federación.

**ARTIGO 29º.-** Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades da Federación serán os seguintes:

- a) As cotas de entrada que para as Socias numerarias e outro tipo de asociadas sinale a Asemblea Xeral.
- b) As cotas anuais que acorde a Asemblea Xeral.

## Estatutos

- c) Os produtos derivados dos bens e dereitos que lle corresponda por calquera título, así como dos Convenios que subscriba e das subvencións, legados e/ou doazóns que poida recibir de forma legal.
- d) Os ingresos que obteña mediante as actividades lícitas que acorde a Xunta Directiva.
- e) Calquera outro recurso lícito.

**ARTIGO 30º.-** As cotas anuais serán aboadas polas Socias numerarias e Socios/as colaboradores/as en fraccións, segundo acorde a Xunta Directiva, e sempre por adiantado.

**ARTIGO 31º.-** A administración dos fondos da Federación levarase a cabo con todo detalle, sometida á correspondente intervención e publicidade, a fin de que as Socias numerarias e outro tipo de asociadas poidan ter coñecemento periódico do destino dos fondos. Anualmente poráselles de manifesto o estado de contas dos ingresos e gastos na Asemblea Xeral Ordinaria. A data de peche anual do exercicio económico da Federación será o 31 de decembro.

**ARTIGO 32º.-** En caso de disolución da Federación, a Asemblea Xeral Extraordinaria, reunida a tal efecto, nomeará unha comisión liquidadora composta de cinco membros, a cal se fará cargo dos fondos que existan e, unha vez satisfeitas as débedas, o remanente, se o houbese, será entregado, na súa totalidade, pola citada comisión a unha Entidade beneficiaria do mecenado aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, que se dedique á protección das Persoas con Trastorno do Espectro Autista.

A Federación disolverase, en todo caso, polo incumprimento da lexislación vixente ou por sentenza xudicial firme.

Ademais, poderá disolverse por vontade da propia Federación, expresada no correspondente acordo da Asemblea Xeral. Dito acordo deberá cumprir dous requisitos:

- a) O acordo de disolución deberá ser votado favorablemente por un mínimo de dous terzos das Entidades presentes ou representadas.

- b) Que non haxa un mínimo de tres Socias numerarias presentes ou representadas que voten en contra da disolución.

### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

**PRIMEIRA.-** Definición de Persoas con Trastornos do Espectro Autista ao seu cargo:

Enténdese por “Persoas con Trastornos do Espectro Autista ao seu cargo”, aos/ás Usuarios/as que utilizan Centros, Servizos ou Programas, conveniados e/ou concertados, en calquera das súas modalidades, dos recollidos nas normativas de aplicación ao Colectivo, por parte das Administracións Públicas competentes.

Os/As usuarios/as dependentes da Administración Pública Educativa contabilizaranse ao comezo do ano escolar, na data fixada para tal fin pola autoridade educativa competente; e os/as usuarios/as, dependentes doutras Administracións Públicas, ao comezo do ano natural.

Un/Unha usuario/a non poderá estar representado/a por dúas ou máis Socias numerarias ou outro tipo de asociadas ao mesmo tempo, polo que prevalecerá o criterio de convenio e/ou concerto que exista entre o/a usuario/a, a Administración Pública e a Socia numeraria ou outro tipo de asociadas

**SEGUNDA.-** Definición de Centros, Servizos ou Programas de atención directa ás Persoas con Trastornos do Espectro Autista:

Enténdese por “Centros, Servizos ou Programas de atención directa ás Persoas con Trastornos do Espectro Autista”, aqueles que estean debidamente recoñecidos como tales por parte das Administracións Públicas competentes.

**TERCEIRA.-** As definicións recollidas nas Disposicións Adicionais primeira e segunda serán desenvolvidas con maior amplitude no Regulamento de Réxime Interno da Federación AUTISMO GALICIA.

**CUARTA.-** En cumprimento do Principio de Solidariedade recollido no prólogo dos presentes Estatutos, a Federación AUTISMO GALICIA desenvolverá, no seu Regulamento de Réxime Interno, diferentes aspectos como a representatividade

## Estatutos

territorial, así como a valorización e priorización dos recursos, atendendo aos seguintes criterios: Número de Usuarios/as a cargo da Socias numerarias ou outro tipo de asociadas Territorio e Índice de Poboación.

### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

ÚNICA.- Os vixentes Estatutos da Federación AUTISMO GALICIA quedarán derogados e substituídos polos presentes desde a entrada e vigor dos mesmos.

### DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA.- Os presentes Estatutos da Federación AUTISMO GALICIA entrarán en vigor dende o día seguinte ao da súa aprobación, sen prexuízo da a súa inscrición no Rexistro de Asociacións.

### DILIXENCIA

Os presentes Estatutos foron aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria de Socios, convocada a tal efecto e celebrada na cidade de Santiago de Compostela o 30 de novembro de 2013 e substitúen aos anteriores inscritos no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

